

Capital humano e relacións laborais

A continuación, (Táboa 122) se enumeran as propostas froito do proceso de diagnose e posta en común correspon-

des á área de traballo 3 “Capital Humano e relacións laborais”.

TÁBOA 122.
RETOS E PROPOSTAS DA ÁREA DE TRABALLO 3 “CAPITAL HUMANO E RELACIÓNS LABORAIS”.

RETOS	PROPOSTAS
 RETO 1.- Pola mellora da capacitación do capital humano adaptado ás novas necesidades do mercado laboral.	3.1.1. Xerar unha canteira de científicos e tecnólogos, estimulando a curiosidade científica e a creatividade dende o inicio da ESO, e con atención particular á incorporación das nenas ao ámbito tecnolóxico.
	3.1.2. Intensificar o financiamento vencellado á empregabilidade da Formación Profesional, incorporando currículos formativos orientados á práctica, facilitando a transición dos estudos ao emprego e cunha visión estratéxica a longo prazo.
	3.1.3. Reformar o modelo de formación para o emprego co obxectivo de garantir uns plans formativos adaptados á progresiva dixitalización.
	3.1.4. Estimular a orientación dos Traballos Fin de Grao e Mestrado nas Universidades cara ao emprendemento industrial e á análise de retos sociais e tecnolóxicos no sector manufactureiro galego.
 RETO 2.- Por un pacto social estable que garanta a competitividade das empresas e contribúa a un crecemento inclusivo.	3.2.1. Implantar un mecanismo de protección social con incentivos á procura de emprego, preferentemente destinado a persoas desempregadas de longa duración.
	3.2.2. Establecer mecanismos de racionalización na estrutura da negociación colectiva respectando a liberdade negociadora das partes, e establecendo iniciativas de promoción de novos convenios naquelas actividades onde non haxa cobertura convencional.
	3.2.3. Avanzar cara á negociación dun acordo marco galego sobre negociación colectiva que, entre outros obxectivos, priorice os ámbitos galegos de negociación fronte a outros ámbitos.
	3.2.4. Promover a resolución extraxudicial de conflitos difundindo nos convenios os tres tipos de procedementos previstos no AGA.
	3.2.5. Abrir a negociación entre os interlocutores sociais sobre Procedementos de Solución dos Conflitos Individuais como unha nova parte do articulado do AGA.
 RETO 3.- Por un contorno social e empresarial que favoreza a atracción de talento.	3.3.1. Impulsar os doutoramentos industriais e a incorporación de persoal investigador en ciencias e tecnoloxía para mellorar a capacidade empresarial de absorción e explotación do coñecemento.
	3.3.2. Promover o desenvolvemento dun centro interuniversitario de posgrao, con orientación internacional, capaz de atraer talento e atender ás necesidades tecnolóxicas e de xestión no medio prazo.
	3.3.3. Deseñar un programa de atracción de talento de estándar internacional que abranga ás familias e inclúa aspectos diversos na oferta como o ocio, a educación e a vivenda.

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 123.

**PROPOSTA
3.1.1**

Xerar unha canteira de científicos e tecnólogos, estimulando a curiosidade científica e a creatividade dende o inicio da ESO, e con atención particular á incorporación das nenas ao ámbito tecnolóxico.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.1.- Pola mellora da capacitación do capital humano adaptado ás novas necesidades do mercado laboral.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 2: Xuventude en movemento. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 7: adaptar o modelo educativo ás necesidades das empresas. Industria conectada 4.0. Liña de actuación 1: Garantir o coñecemento e o desenvolvemento de competencias de I4.0. – Área estratéxica 1.2: Formación académica e laboral. – Iniciativa 2: Promover a inclusión de contidos e cursos específicos de Industria 4.0 na formación curricular académica (ensinanza obrigatoria, universitaria, formación profesional e de posgrao), continuando na liña marcada pola LOMCE. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e Crecemento intelixente. Edu dixital. Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020. Obxectivos: Impulsar as competencias dixitais e científico-tecnolóxicas no alumnado de educación secundaria obrigatoria; romper a fenda de xénero nos estudos STEM.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Na nova contorna industrial da próxima década, na que os requirimentos dos postos de traballo mudarán a maior velocidade por mor do cambio tecnolóxico, resulta urxente contar con máis capital humano no ámbito científico-técnico capaz de acompañar a implementación dese cambio e mesmo participar no seu desenvolvemento. No curso 2014-2015, só un 37% das persoas matriculadas en Galicia o fixeron en Graos relacionados coas STEM (*science, technology, engineering, mathematics*).

Ademais, a fenda de xénero está a provocar a participación desigual das mulleres nas actividades científicas e tecnolóxicas debido aos estereotipos asociados aos estudos e á escasez de modelos de referencia femininos. Este fenómeno non axuda a superar a segregación ocupacional nin a discriminación salarial existente, e supón ademais unha desvantaxe competitiva na medida en que se obstaculiza a xestión óptima do talento. En Galicia, das persoas matriculadas en STEM no curso 2014-2015, só o 34% foron mulleres.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Facer máis atractivos para a mocidade os estudos vencellados coas ciencias e a tecnoloxía co obxectivo de mellorar a alfabetización da sociedade nestas áreas de coñecemento.

Perséguese cubrir as novas necesidades que están a emerxer na industria galega coa transformación dixital, xerando unha canteira de persoas especializadas en Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas, conscientes de que o impacto potencial que ten este coñecemento para a sociedade é ao menos igual de importante que outras disciplinas centradas na historia, as artes, ou os aspectos xurídicos e económicos da organización da convivencia. Debemos procurar así unha maior visibilidade e recoñecemento social da ciencia e da tecnoloxía que estimule a curiosidade científica e tecnolóxica entre a xente máis xove, con especial influencia nas nenas.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- Programa Estalmat Galicia.
- Programa de divulgación científica "Campus do Mar na Praia".
- Club de Ciencia 17/18 e Semana STEM 17/18 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- STEM capacity building: programa europeo para o estímulo das vocacións científicas dende a escola no que participa a Xunta de Galicia.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Universidades e Centros de ensino secundario e bacharelato.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- Universidades e centros tecnolóxicos.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.1.1.1	Persoas matriculadas en Graos relacionados coas áreas STEM en Galicia (%). ⁽¹⁾	37% (2014-2015)	44,4% (▲ 20%)
I.3.1.1.2	Mulleres matriculadas en Graos relacionados coas áreas STEM en Galicia (%). ⁽¹⁾	34% (2014-2015)	50% (▲ 47%)
I.3.1.1.3	Número de nenos e nenas involucrados en programas de divulgación científica extra escolares.	Non existe información agregada	–

Notas:

(1) Elaboración propia a partir de MECD (2017c)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 124.

PROPOSTA 3.1.2	Intensificar o financiamento vencellado á empregabilidade da Formación Profesional, incorporando currículos formativos orientados á práctica, facilitando a transición dos estudos ao emprego e cunha visión estratéxica a longo prazo.
---------------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.1.- Pola mellora da capacitación do capital humano adaptado ás novas necesidades do mercado laboral.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 2: Xuventude en movemento. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 7: Adaptar o modelo educativo ás necesidades das empresas. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e Crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Medida 5: Un sistema formativo orientado ás necesidades da industria, apostando pola Formación Profesional Dual e a implantación da dualidade na Educación Superior, de xeito que os ciclos formativos sexan compartidos entre os centros educativos e as empresas. Axenda 20 para o emprego. Reto 1: O emprego de calidade como elemento clave da competitividade. – Medida 2: Incentivar a contratación de acordo ás demandas empresariais e á captación e retención do talento (formación con compromiso de contratación; persoal de I+D; persoal para promover plans de RSE e de igualdade na empresa).

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

As transformacións que está a experimentar a industria están a implicar cambios significativos nos procesos de produción e, por tanto, nas tarefas de traballo. Este feito, xunto cunha demanda de produtos cada vez máis volátil en termos de cantidades e cambios nas preferencias, está a ter un impacto directo nas habilidades e competencias que se requiren nas persoas que queiran desenvolver a súa actividade laboral no sector manufactureiro. Nun contexto no que a taxa de paro na industria galega situouse no 12,4% en 2016, e que o paro xuvenil ascendeu ao 40,3% no mesmo período, resulta preciso establecer vínculos entre as institucións educativas de Formación Profesional e as empresas para garantir que as competencias das persoas recén egresadas e a demanda do mercado laboral estean aliñadas.

3. OBOJECTIVO DA PROPOSTA

Impulsar o acceso á Formación Profesional en calquera momento da vida laboral dunha persoa como ferramenta de capacitación adaptada ás necesidades da industria, garantindo ademais a transición dos estudos a empregos de calidade, e aumentando a taxa de inserción laboral dos/das estudantes.

Perséguese asegurar que o capital humano da industria galega sexa capaz de desenvolver as novas ocupacións e perfís profesionais que están xurdindo. Para acadalo, é preciso impulsar a cooperación entre as institucións educativas e as empresas no deseño de currículos formativos de carácter eminentemente práctico e máis orientados á demanda do mercado de traballo e ás novas tendencias. Ademais é necesario coidar a calidade da formación e a inserción laboral, favorecendo a contratación tras a formación práctica.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2016_XUNTA_EDUEMPRENDE.
- 2017_XUNTA_BONOS_FORMACIÓN_CONTRATACIÓN: Programa bonos formación e contratación.
- Ordes de formación para o emprego dispoñibles en: <http://emplego.ceei.xunta.gal/portada-formacion-ocupacional>.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Fundación Empresa – Universidade Galega (FEUGA) e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- Persoas desempregadas.
- Persoas traballadoras en activo.
- Xóvenes

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.1.2.1	Persoas desempregadas en Galicia e menores de 25 anos (%). ⁽¹⁾	40,3% (2016)	28,2% (▼ 30%)
I.3.1.2.2	Persoas desempregadas no sector industrial galego (%). ⁽¹⁾	12,4% (2016)	7,4% (▼ 40%)
I.3.1.2.3	Taxa de inserción laboral das persoas que remataron Formación Profesional en Galicia en áreas relacionadas coa industria (%) ⁽²⁾	69,75% (2015)	76,7% (▲ 10%)

Notas:

(1) INE (2017a)

(2) Elaboración propia a partir de Xunta de Galicia (2016c)

Fonte: Elaboración propia.

**PROPOSTA
3.1.3**
Reformar o modelo de formación para o emprego co obxectivo de garantir uns plans formativos adaptados á progresiva dixitalización.
1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.1.- Pola mellora da capacitación do capital humano adaptado ás novas necesidades do mercado laboral.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 6: Axenda de novas cualificacións e empregos. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 7: adaptar o modelo educativo ás necesidades das empresas. Industria conectada 4.0. Liña de actuación 1: Garantir o coñecemento e o desenvolvemento de competencias de I4.0. - Área estratéxica 1.2: Formación académica e laboral. - Iniciativa 1: Promover a incorporación de contidos relacionados coa Industria 4.0 e os seus habilitadores dixitais na formación laboral (a profesionais, en planta, persoas desempregadas...), co fin de garantir que se satisfagan as necesidades das empresas industriais de competencias relativas á Industria 4.0. Plan Estratégico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. - Prioridade de actuación 1.3: Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A dixitalización das cadeas de valor industriais está a pór en risco a fluidez das transicións de emprego das persoas en activo pola escaseza dunha cualificación adecuada. En Galicia, no ano 2016, o 35,4% das persoas traballadoras na industria participaron na formación continua por medio da Formación Bonificada pola Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (FUNDAE). Un 32,2% fixérono en temáticas relacionadas con Seguridade e Prevención, o 17,6% fixérono en Administración e Auditoría, e só un 4,8% participaron en accións formativas relacionadas coas ciencias, as novas tecnoloxías ou a propia industria.

No novo escenario da economía do coñecemento, a poboación activa debe contar con novas habilidades que lle permita adaptarse ao cambio tecnolóxico, favorecendo así as transicións laborais e a sostibilidade do sector manufactureiro.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Contar cun capital humano adecuadamente cualificado para afrontar os retos vencellados á dixitalización da industria, cun sistema de formación para o emprego adaptado á realidade do tecido productivo e cunha estratexia a longo prazo.

A formación ao longo da vida debe interpretarse como un proceso constante e activo de desenvolvemento de novas habilidades, orientado a minimizar o risco de desprazamento da poboación activa por obsolescencia das cualificacións. É preciso impulsar a cooperación de institucións, empresas e axentes económicos e sociais para investir de maneira eficiente e sostible no desenvolvemento de accións formativas que faciliten o perfeccionamento e capacitación das persoas no sector, con adaptación ás necesidades reais de dixitalización da industria e establecendo fórmulas de avaliación da calidade do sistema e o seu impacto.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017 Programa de bonos formación e contratación da Xunta de Galicia.
- 2017 Axudas a proxectos de formación Industria 4.0 (DOG 102).
- 2017 Subvencións para o financiamento de programas de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas (DOG 165).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria e interlocutores económicos e sociais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- A poboación activa.
- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.1.3.1	Persoas traballadoras da industria galega que participaron en formación bonificada relacionada coas ciencias ou as novas tecnoloxías. (%). ⁽¹⁾	4,8% (2016)	8,64% (▲ 80%)
I.3.1.3.2	Persoas desempregadas no sector industrial galego (%). ⁽²⁾	12,4% (2016)	7,4% (▼ 40%)
I.3.1.3.3	Crédito de formación disposto polas empresas formadoras sobre o total asignado na industria galega (%). ⁽¹⁾	59,0% (2016)	67,9% (▲ 15%)
I.3.1.3.4	Persoas traballadoras da industria galega que realizaron formación bonificada respecto ao total de asalariados (%). ⁽¹⁾	35,4% (2016)	40,7% (▲ 15%)

Notas:

(1) FUNDAE (2016)

(2) INE (2017a)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 126.

**PROPOSTA
B3:K27B3:
3.1.4**

Estimular a orientación dos Traballo Fin de Grao e Mestrado nas Universidades cara ao emprendemento industrial e á análise de retos sociais e tecnolóxicos no sector manufactureiro galego.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.1.- Pola mellora da capacitación do capital humano adaptado ás novas necesidades do mercado laboral.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 2: Xuventude en movemento. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 7: adaptar o modelo educativo ás necesidades das empresas. Industria conectada 4.0. Liña de actuación 1: Garantir o coñecemento e o desenvolvemento de competencias de I4.0. – Área estratéxica 1.2: Formación académica e laboral. – Iniciativa 2: Promover a inclusión de contidos e cursos específicos de Industria 4.0 na formación curricular académica (ensinanza obrigatoria, universitaria, formación profesional e de posgrao), continuando na liña marcada pola LOMCE. Plan Estratéxico de Galicia 2015–2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Enfoque estratéxico: Creación de oportunidades para o talento investigador. – Medida 1: Apoiar a transformación do talento en novas empresas (emprendemento industrial innovador).

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

A taxa de emprendemento temperá (TEA) de Galicia situouse nun 5,5% no ano 2015. Este dato representa unha melloría respecto ao 3,92% rexistrado en 2014. Sen embargo, segue estando todavía moi alonxado do dato de 2007, no que Galicia acadou un TEA do 7,6%. Engadido a isto, é preciso puntualizar que o avance rexistrado en 2015 correspóndese cun tipo de emprendemento baseado na necesidade de crear un posto de traballo propio por falta doutras alternativas, o cal aumentou 6,44 puntos porcentuais. Pola contra, o emprendemento baseado no aproveitamento dunha oportunidade de negocio descendeu 1,3 puntos porcentuais no mesmo período.

Fanse necesarios mecanismos que axuden á detección e afouteza de emprendedores potenciais capaces de implantar solucións de carácter innovador no ámbito da industria 4.0, mellorando procesos, produtos e/ou modelos de negocio.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Incrementar aquelas iniciativas emprendedoras do sector manufactureiro galego que estean baseadas na innovación e desenvolvemento de novas tecnoloxías para favorecer o impulso e o crecemento do tecido industrial galego.

Preténdese estimular a xeración de ideas de emprendemento que aborden os desafíos sociais e tecnolóxicos aos que se ten que afrontar o sector manufactureiro galego. Trátase de pór en valor o talento e as capacidades dos/das estudantes co fin de promover o desenvolvemento económico baseado na innovación e no coñecemento. Ao mesmo tempo, estas persoas estruturan o seu perfil profesional e atopan no emprendemento unha vía para a súa inserción laboral a través do autoemprego.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

– 0205_LIDERA_1_E: Emprego e emprendemento xove.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Secretaría Xeral de Universidades.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Estudantes de Grao e Mestrado.
- O sector manufactureiro galego.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.1.4.1	Taxa de emprendemento temperá (TEA) en Galicia (%). ⁽¹⁾	5,5% (2015)	9,9% (▲ 80%)
I.3.1.4.2	Iniciativas emprendedoras innovadoras (total ou parcialmente) na industria manufactureira galega (%). ⁽¹⁾	14,5% (2015)	20,3% (▲ 40%)
I.3.1.4.3	Iniciativas emprendedoras que empregan tecnoloxías novas (menos de 1 ano) ou recentes (1–5 anos) en Galicia (%). ⁽¹⁾	28,4% (2015)	32,6% (▲ 15%)
I.3.1.4.4	Iniciativas emprendedoras baseadas no aproveitamento dunha oportunidade de negocio respecto ao total de iniciativas emprendedoras en Galicia (%). ⁽¹⁾	56,49% (2015)	64,9% (▲ 15%)

Notas:

(1) GEM–GALICIA (2015)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 127.

PROPOSTA 3.2.1	Implantar un mecanismo de protección social con incentivos á procura de emprego, preferentemente destinado a persoas desempregadas de longa duración.
---------------------------------	--

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.2.- Por un pacto social estable que garanta a competitividade das empresas e contribúa a un crecemento inclusivo.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 7: Plataforma europea contra a pobreza. Garantir a cohesión social e territorial de tal forma que os beneficios do crecemento e do emprego sexan amplamente compartidos e as persoas que sofren de pobreza e exclusión social poidan vivir dignamente e tomar parte activa na sociedade. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 4: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Estratexia Española de Activación para o Emprego 2014-2016. Obxectivo estratéxico 2: Favorecer a empregabilidade de outros colectivos especialmente afectados polo desemprego. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social. Axenda 20 para o emprego. Reto 1: O emprego de calidade como elemento clave da competitividade de Galicia. - Medida 1: incentivar a contratación especialmente nos colectivos máis desfavorecidos.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

En 2016 Galicia tivo unha taxa de desemprego do 17,15%. Do total de persoas desempregadas en Galicia nese período, o 58,4% foron parados/as de longa duración, é dicir, levaban un ano ou máis na procura de emprego.

Os cambios e mutacións dos procesos produtivos que se avexiñan van producir transicións de emprego difíciles e, nalgúns casos, prolongadas. É necesario establecer mecanismos de protección para os cidadáns que, estimulando a procura de emprego e garantindo a sostibilidade financeira das medidas, alivien os riscos posibles de exclusión social.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Impulsar a reinserción no mercado laboral das persoas en situación de desemprego diante da crecente dixitalización da actividade industrial, afoutando a procura de emprego e dando cobertura social para diminuír o seu risco de pobreza.

Pola súas circunstancias especiais e para garantir a sostibilidade financeira da medida, préstase especial atención a aquelas persoas traballadoras que levan un longo período de tempo sen atopar un emprego.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017 XUNTA EMPREGO: incentivos á creación de emprego e incremento da estabilidade laboral.
- 2017 Programa de bonos formación e contratación da Xunta de Galicia.
- 2017 Ordes de formación para o emprego dispoñibles en <http://emplego.ceei.xunta.gal/portada-formacion-ocupacional>.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consello Galego de Relacións Laborais, CIG, CCOO, UGT e CEG.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As persoas desempregadas.
- O conxunto das empresas galegas.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.2.1.1	Persoas desempregadas no sector industrial galego (%). ⁽¹⁾	12,4% (2016)	7,4% (▼ 40%)
I.3.2.1.2	Taxa de desemprego en Galicia (%). ⁽¹⁾	17,15% (2016)	12,0% (▼ 30%)
I.3.2.1.3	Persoas desempregadas de longa duración sobre o total de persoas desempregadas en Galicia (%). ⁽¹⁾	58,4% (2016)	52,6% (▼ 10%)
I.3.2.1.4	Persoas desempregadas con idade comprendida entre os 45 e os 54 anos sobre o total de persoas desempregadas en Galicia (%). ⁽¹⁾	23,8% (2016)	19,4% (▼ 20%)

Notas:

(1) INE (2017a)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 128.

PROPOSTA 3.2.2	Establecer mecanismos de racionalización na estrutura da negociación colectiva respectando a liberdade negociadora das partes, e establecendo iniciativas de promoción de novos convenios naquelas actividades onde non haxa cobertura convencional.
---------------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.2.- Por un pacto social estable que garanta a competitividade das empresas e contribúa a un crecemento inclusivo.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 04: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Ao igual que no resto do Estado, Galicia reflicte unha elevada atomización e dispersión dos convenios colectivos en comparación cos estándares europeos. É importante resaltar que contamos cunhas 1000 unidades de negociación e contamos cun número de convenios moi por enriba doutras Comunidades Autónomas. De feito, a 31 de decembro de 2016 existen en Galicia 945 convenios colectivos, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, que afectan a 423.907 persoas traballadoras. Neste total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Asemade, asináronse e revisáronse durante este ano en Galicia 131 convenios (115 asinados e 16 revisados), que afectan a 84.402 persoas traballadoras. Deles 20 son de sector (15 asinados e 5 revisados) e afectan a 68.365 persoas traballadoras e 111 son de empresa (100 asinados e 11 revisados) e afectan a 16.037 persoas traballadoras. Asináronse por primeira vez 31 convenios (todos de empresa) que afectan a 719 persoas traballadoras.

3. OBOJECTIVO DA PROPOSTA

Mellorar a eficiencia e eficacia da negociación colectiva a través dun acordo galego que poida ser compartido por tódalas actividades, á vez que se deixa espazo para as negociacións particulares de cada sector.

Preténdese reforzar a negociación colectiva e mellorar a articulación de convenios a distintos niveis, promovendo unha negociación colectiva de amplo calado que dea solidez ao marco das relacións laborais e dando espazo para que as empresas poidan establecer pactos de mellora. Ademais, resulta necesario ofertar cobertura ás persoas traballadoras das microempresas para incluílas no sistema da negociación colectiva á vez que protexe ás empresas de situacións de competencia desleal.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- III Acordo para o emprego e a negociación colectiva 2015, 2016 e 2017.
- RESOLUCIÓN de 16 de febreiro de 2017, da Directora de Traballo e Seguridade Social, pola que se dispón do rexistro, publicación e depósito do Acordo interprofesional en relación coa estrutura da negociación colectiva no ámbito da Comunidade Autónoma do País Vasco.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consello Galego de Relacións Laborais, CIG, CCOO, UGT e CEG.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As persoas traballadoras.
- As organizacións sindicais.
- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRICIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.2.2.1	Convenios de ámbito provincial ou autonómico en Galicia sobre o total (%). ⁽¹⁾	17,05% (2016)	20,5% (▲ 20%)
I.3.2.2.2	Traballadores/as no sector manufactureiro galego sen cobertura convencional (%).	n.d.	-

Notas:

(1) Elaboración propia a partir de MESS (2017b)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 129.

PROPOSTA 3.2.3	Avanzar cara á negociación dun acordo marco galego sobre negociación colectiva que, entre outros obxectivos, priorice os ámbitos galegos de negociación fronte a outros ámbitos.
---------------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.2.- Por un pacto social estable que garanta a competitividade das empresas e contribúa a un crecemento inclusivo.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 04: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

O artigo 84 do Estatuto dos Traballadores, na súa actual redacción, establece, dunha banda, a prioridade aplicativa dos convenios de empresa fronte aos convenios colectivos de ámbito superior (convenios sectoriais estatais ou autonómicos) e, doutra, unha serie de materias reservadas á negociación de ámbito estatal e incluso a posibilidade de que os negociadores do dito ámbito se reserven aínda máis.

Dos 131 convenios colectivos que se asinaron e revisaron en Galicia no ano 2016, 111 convenios de empresa teñen, así, prioridade aplicativa sobre os 20 convenios rexistrados de ámbito superior. Ao abeiro do artigo 83.2 do ET, considérase necesario camiñar cara a un pacto autonómico para achegar o ámbito da negociación á realidade sobre a que se está a tratar no contexto galego, dando solución compartida aos conflitos de concorrencia. Alternativamente, a perda de ámbitos de negociación implica unha menor sensibilidade cara á resolución de problemáticas específicas de Galicia.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Priorizar a resolución da problemática característica de Galicia en materia laboral, avanzando na consecución dun acordo marco autonómico de negociación colectiva.

Propónse establecer unha estrutura de negociación colectiva no ámbito galego que outorgue prioridade aplicativa aos convenios e acordos estatutarios de ámbito provincial, interprovincial ou autonómico, fronte a outros convenios ou acordos sectoriais de ámbito estatal que poderían concorrer con eles, sempre respectando as materias reservadas ao ámbito estatal no artigo 84.4 ET. Tendo en conta esta restrición, preténdese tratar a problemática propia do territorio en materia laboral de forma compartida, entendendo que a perda de ámbitos e unidades de negociación implica convenios de ámbitos máis alonxados da nosa realidade.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- III Acordo para o emprego e a negociación colectiva 2015, 2016 e 2017.
- Ademais, existe esta iniciativa que se podería extrapolar a Galicia:
- RESOLUCIÓN do 16 de febreiro de 2017, da Directora de Traballo e Seguridade Social, pola que se dispón o rexistro, publicación e depósito do Acordo interprofesional en relación coa estrutura da negociación colectiva no ámbito da Comunidade Autónoma do País Vasco.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consello Galego de Relacións Laborais, CIG, CCOO, UGT e CEG.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As persoas en activo.
- As organizacións sindicais.
- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.2.3.1	Índice de confianza das persoas traballadoras nas empresas manufactureiras galegas.	n.d.	-
I.3.2.3.2	Índice de satisfacción coas condicións de traballo no sector manufacteiro galego.	n.d.	-

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 130.

**PROPOSTA
3.2.4**
Promover a resolución extraxudicial de conflitos difundindo nos convenios os tres tipos de procedementos previstos no AGA.
1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.2.- Por un pacto social estable que garanta a competitividade das empresas e contribúa a un crecemento inclusivo.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 04: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

O sistema español de solución de conflitos presenta unha xudicialización excesiva, o cal implica sentenzas que chegan tardiamente, e que, en moitas ocasións, non supoñen mais que unha análise xurídico-técnica do propio conflito, pero non unha solución en sentido estrito ao mesmo. É preciso impulsar alternativas de mediación e arbitraje que faciliten o achegamento das partes en conflito e axuden á desxudicialización do sistema.

3. OBOJECTIVO DA PROPOSTA

Reducir a intensidade dos conflitos e os seus prazos de resolución apoiando vías alternativas de negociación que axuden a súa desxudicialización. O que se pretende é establecer vías de diálogo que sexan acollidas de forma voluntaria polas partes, ao mesmo tempo que se promove unha saída pacífica aos conflitos por medio da argumentación e a cooperación, aumentando a confianza entre ambas partes. Para impulsar e materializar estas vías alternativas de negociación é necesario facer referencia, nos convenios colectivos sectoriais, á existencia dos procedementos extraxudiciais que contempla o AGA no seu articulado: procedemento de mediación e procedementos de arbitraje voluntaria e obrigatoria.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).
- Ademais, existen estas iniciativas noutras rexións que se poderían extrapolar a Galicia: V Acordo sobre solución autónoma de conflitos laborais (ASAC); Acordo vasco interprofesional sobre procedementos voluntarios para a solución de conflitos laborais (PRECO); Sistema Extraxudicial de Resolución de Conflitos Laborais en Andalucía (SERCLA); Servizo Aragonés de Mediación e Arbitraje (SAMA).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consello Galego de Relacións Laborais, CIG, CC00, UGT e CEG.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As persoas traballadoras.
- As organizacións sindicais.
- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEADO 2020
I.3.2.4.1	Folgas realizadas en Galicia (número). ⁽¹⁾	57 (2016)	28,5 (▼ 50%)
I.3.2.4.2	Expedientes extraxudiciais de conflitos tramitados polo AGA ente 1992 e 2017 en Galicia correspondentes á Industria. ⁽²⁾	41,3% (2017)	47,5% (▲ 15%)
I.3.2.4.3	Conflitos laborais dentro da industria manufactureira galega que se resolven de maneira extraxudicial sobre o total (%).	n.d.	-

Notas:

(1) MESS (2017a)

(2) AGA (2017)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 131.

PROPOSTA 3.2.5	Abrir a negociación entre os interlocutores sociais sobre Procedementos de Solución dos Conflitos Individuais como unha nova parte do articulado do AGA.
---------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.2.- Por un pacto social estable que garanta a competitividade das empresas e contribúa a un crecemento inclusivo.
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 04: Reforzar a estabilidade e uniformidade do marco regulamentario español. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 2: Benestar das persoas e as familias e cohesión social.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

O noso ordenamento xurídico-laboral canalizou tradicionalmente a resolución de controversias a través da vía xurisdiccional. Esta vía conta con vantaxes coma a imparcialidade ou a aportación dunha solución de autoridade; sen embargo, cando a xudicialización é elevada, como no caso galego e, en xeral, no español, prodúcese importantes demoras na resolución de conflitos que perxudican a todas as partes. Existen experiencias alternativas de mediación e arbitraje no ámbito laboral dirixidas, xeralmente, aos conflitos colectivos, deixando á marxe as controversias na relación individual do traballo. A desxudicialización dos conflitos individuais permitirá neste senso axilizar trámites, gañar tempo e reducir custos. Isto é positivo tanto para as partes interesadas directamente como para a propia Administración de Xustiza.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Apoiar a resolución de conflitos laborais de carácter individual entre a persoa empregada e a empresa, establecendo un procedemento alternativo que dea unha cobertura adaptada á realidade cambiante do mundo laboral. Preténdese promover un procedemento de solución autónomo, alternativo e complementario ás vías xudicial e extraxudicial existentes, nos conflitos producidos na relación individual do traballo, co fin de afoutar o clima de entendemento e colaboración entre persoa empregada e empresa. A solución extraxudicial autónoma de conflitos individuais estará baseada nos principios de voluntariedade, flexibilidade e confidencialidade, en relación cos procedementos de mediación. A finalidade dos procedementos é conseguir unha solución dialogada e consensuada que, en aplicación do modelo colaborativo de negociación, integre os intereses de ambas partes e axude á superación do conflito, responsabilizando aos implicados nel.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

– Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA). Ademais, existen estas iniciativas noutras rexións que se poderían extrapolar a Galicia: V Acordo sobre solución autónoma de conflitos laborais (ASAC); Acordo Vasco interprofesional sobre procedementos voluntarios para a solución de conflitos laborais (PRECO); Sistema Extraxudicial de Resolución de Conflitos Laborais en Andalucía (SERCLA); Servizo Aragonés de Mediación e Arbitraje (SAMA).

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria, Consello Galego de Relacións Laborais, CIG, CCOO, UGT e CEG.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- As persoas traballadoras.
- As organizacións sindicais.
- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.2.5.1	Negociacións individuais extraxudiciais con acordo, sobre o total de Galicia (%). (1)	36,2% (2015)	47,6% (▲ 30%)

Notas:

(1) Elaboración propia a partir de Xunta de Galicia (2015e)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 132.

**PROPOSTA
3.3.1**
Impulsar os doutoramentos industriais e a incorporación de persoal investigador en ciencias e tecnoloxía para mellorar a capacidade empresarial de absorción e explotación do coñecemento.
1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.3.- Por un contorno social e empresarial que favoreza a atracción de talento
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña 5: Incrementar a eficiencia e a orientación ao mercado e aos retos da sociedade da I+D+i. - Subliña 5.2: Promoción das actividades de I+D+i orientadas ao mercado e aos retos da sociedade. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Innovación. - Enfoque estratéxico: Creación de oportunidades para o talento investigador. - Medida 2: Impulsar a incorporación do talento ás empresas a través dun Programa de retención, incorporación e mobilidade do talento.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

En Galicia, no ano 2014, o gasto en I+D executado polas empresas representou o 47,6% do total da Comunidade, 6 puntos por debaixo da media estatal. Por outra banda, no ano 2015, as tres universidades galegas xestionaron contratos de I+D e consultoría por un valor total de 21.244.000 €, case 40 millóns de euros menos que a Universidad Politécnica de Madrid.

Á vista dos datos, é necesario promover a cooperación entre as empresas e as universidades en prol de intensificar a produción científica orientada á xeración de coñecemento e innovación que aseguren a competitividade do sector industrial e da rexión. Para afrontar os novos desafíos que a economía do coñecemento presenta á industria, faise preciso apostar polo crecemento intelixente.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Posicionar a actividade de I+D+i da rexión na vangarda do coñecemento mediante a mellora dos procesos de intercambio e xeración de coñecemento entre as universidades e as empresas galegas que operan no sector manufactureiro.

Perséguese consolidar estruturas de intercambio de coñecemento mediante as cales a investigación básica poida xerar valor engadido nas empresas, e onde as universidades intensifiquen a valorización de coñecemento. Tanto a incorporación de persoal investigador como a orientación das temáticas das teses a abordar ás problemáticas das empresas manufactureiras, orixinan novos canais de comunicación propicios para ese intercambio e contribúen á incorporación de talento no tecido produtivo, incrementando a súa competitividade.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017_XUNTA_INNOVA_PEME.
- 2017_XUNTA_PRINCIPIA.
- IFI INNOVA.
- Fondo i2C.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Clústers e asociacións empresariais.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- Persoal investigador.
- O conxunto das empresas galegas.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.3.1.1	Gasto en I+D interna empresarial con respecto ao PIB de Galicia (%). ⁽¹⁾	0,428% (2015)	0,535% (▲ 25%)
I.3.3.1.2	Gasto interno total en I+D por parte das empresas galegas respecto ao conxunto do estado (%). ⁽²⁾	3,2% (2015)	13,2% (▲ 10%)
I.3.3.1.3	Personal en equivalencia a xornada completa adicado a I+D nas empresas galegas respecto ao conxunto do estado (%). ⁽²⁾	3,8% (2015)	13,8% (▲ 10%)
I.3.3.1.4	Número de doutoramentos industriais nas universidades galegas (número).	n.d.	-

Notas:

(1) COTEC (2016)

(2) INE (2017c)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 133.

PROPOSTA 3.3.2

Promover o desenvolvemento dun centro interuniversitario de posgrao, con orientación internacional, capaz de atraer talento e atender ás necesidades tecnolóxicas e de xestión no medio prazo.

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.3.- Por un contorno social e empresarial que favoreza a atracción de talento
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 1: Unión pola innovación. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 7: Adaptar o modelo educativo ás necesidades das empresas. Estratexia para a internacionalización das universidades españolas 2015-2020. Eixe de actuación 2: Aumentar o atractivo internacional das universidades. - Obxectivo 2.7.: Participar en redes, proxectos e programas internacionais educativos, de investigación e de innovación. Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2017-2020. Obxectivo 2.1: Fortalecemento das institucións con capacidades de liderado científico e tecnolóxico a nivel nacional e internacional que atraen talento, xeran coñecemento de alto impacto e importantes externalidades en materia de desenvolvemento científico, tecnolóxico e empresarial. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

Mentres que en Galicia o 20% do alumnado das universidades galegas é de procedencia estranxeira, Cataluña acada o 36,7%. A importancia destas cifras radica no intercambio de persoas e ideas que as tres universidades poden estimular nas súas respectivas áreas de influencia, así como na súa capacidade para estabilizar unha clase creativa multicultural nos principais centros industriais do país. A atracción de estudantes de posgrao e a súa estabilización nas nosas empresas supoñen dous dos factores máis relevantes para apuntalar a nosa conectividade internacional. Outras sinerxias indirectas teñen que ver coa dinamización de espazos urbanos.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Atraer estudantes e persoal docente e investigador de alto nivel aumentando a visibilidade e recoñecemento internacional do sistema universitario galego.

Perséguese desenvolver unha clase creativa de estándar internacional e facer fronte aos retos tecnolóxicos e de internacionalización que a economía xera. Un centro interuniversitario de posgrao proporciona as condicións necesarias para estimular a cooperación internacional con outras rexións do mundo mediante a mobilidade de estudantes e persoal docente e investigador. Un centro de posgrao de referencia é quen de soportar ademais a internacionalización da "marca Galicia".

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- Políticas de posgrao autónomas das tres universidades.
- Ademais, existen estas iniciativas noutras rexións que se poderían extrapolar a Galicia:
 - Barcelona Graduate School of Economics da Universitat Pompeu Fabra, Universitat Autònoma de Barcelona, Instituto de Análisis Económico do CSIC e Centre de Recerca en Economia Internacional.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, interlocutores económicos e sociais, UDC, USC e Uvigo.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- A comunidade universitaria.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUEMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.3.2.1	Alumnado con procedencia estranxeira, residentes en España e matriculados en estudos de doutorado en Galicia (%). ⁽¹⁾	20% (Curso 2016-2017)	24 % (▲ 20%)
I.3.3.2.2	Publicacións científicas das universidades galegas en colaboración internacional (%). ⁽¹⁾	46,94% (2015)	56,94% (▲ 10%)

Notas:

(1) MECD (2017c)

Fonte: Elaboración propia.

TÁBOA 134.

PROPOSTA 3.3.3	Deseñar un programa de atracción de talento de estándar internacional que abranza ás familias e inclúa aspectos diversos na oferta como o ocio, a educación e a vivenda.
---------------------------------	---

1. MARCO ESTRATÉGICO DA PROPOSTA

RETO	3.3.- Por un contorno social e empresarial que favoreza a atracción de talento
ALINEACIÓN ESTRATÉGICA (EUROPEA, ESTATAL E GALEGA)	Estratexia Europa 2020. Iniciativa 5: Unha política industrial para a era da mundialización. Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2017-2020. Obxectivo 2.1: Fortalecemento das institucións con capacidades de liderado científico e tecnolóxico a nivel nacional e internacional que atraen talento, xeran coñecemento de alto impacto e importantes externalidades en materia de desenvolvemento científico, tecnolóxico e empresarial. Axenda para o fortalecemento do sector industrial en España. Liña de actuación 6: Apoiar o crecemento e a profesionalización das PeMés españolas. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0. Programa de impulso: Innovación. - Enfoque estratéxico: Creación de oportunidades para o talento investigador. - Medida 2: Impulsar a incorporación do talento ás empresas a través dun Programa de retención, incorporación e mobilidade do talento. Plan estratéxico de Galicia 2015-2020. Eixe 1: Empregabilidade e crecemento intelixente.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E NECESIDADE

O proceso de xeración de novo coñecemento precisa combinar ideas distintas canto máis disruptiva sexa a estratexia de innovación. Isto obviamente só acontece cando se logra reunir a individuos con valores, cultura, formación e experiencia diferentes. Os casos de Silicon Valley ou Terza Italia en Emilia-Romagna son referencias axeitadas para verificar esas dinámicas: ambas son recoñecidas como grandes centros de innovación en lugares culturalmente diferentes, pero compartindo unha mentalidade tolerante onde a diversidade e o *networking* son as claves da actuación diaria; diversidade e *networking* que non se basean só en atraer capital humano estranxeiro para complementar as capacidades de innovación internas, senón tamén no efecto positivo que esta capacidade de atracción pode xerar para acceder ás redes de innovación internacionais, para asimilar a información desas redes, e para transformar esa información en coñecemento.

3. OBXECTIVO DA PROPOSTA

Atraer e reter profesionais con alta cualificación, comprometidos e innovadores, que aporten diversidade, tanto no ámbito do coñecemento como no cultural.

Preténdese impulsar o atractivo de Galicia cara ao talento de estándar internacional, potenciando aqueles factores sociais e culturais do territorio que son capaces de ofrecer boas condicións e calidade de vida, como son a calidade do emprego, do ocio, da educación e da vivenda, tanto para as persoas con talento como para os membros da súa familia. A énfase nos aspectos non monetarios e a apertura da medida ás familias ten que ver coa necesidade dunha estratexia de nicho que non colisione cos grandes centros de atracción de talento, cos que Galicia non pode competir en termos de recursos. Por outro lado, un esforzo de segmentación da atracción, inicialmente cara a países europeos, latinoamericanos e lusófono-africanos pode tamén apoiar a mencionada estratexia de nicho.

4. PROXECTOS E INICIATIVAS VENCELLADAS (REALIZADAS/EN CURSO)

- 2017_XUNTA_PRINCIPIA.
- 2016_XUNTA_EMPRENDIMENTO_INNOVADOR.

5. PRINCIPAIS AXENTES IMPLICADOS

Consellería de Economía, Emprego e Industria e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

6. BENEFICIARIOS DA ACTUACIÓN

- O conxunto das empresas galegas.
- A sociedade galega en xeral.

7. INDICADORES DE SEGUIMENTO

INDICADOR	DESCRIPCIÓN	VALOR ACTUAL	VALOR DESEXADO 2020
I.3.3.3.1	Persoas desempregadas no sector industrial galego (% , base 2015). ⁽¹⁾	12,4% (2016)	7,4% (▼ 40%)
I.3.3.3.2	Índice de Prezos de Vivenda (IPV) en Galicia (% , base 2015). ⁽²⁾	102,7% (2T 2017)	97,6% (▼ 5%)
I.3.3.3.3	Alumnos galegos que participan en experiencias de inmersión lingüística (%). ⁽³⁾	16,6% (2014-2015)	19,9% (▲ 20%)

Notas:

(1) INE (2017b) (2) INE (2017f) (3) MECD (2016)

Fonte: Elaboración propia.